



SHANNON SHARPLEY / REUTERS

Clinton mantén as súas opcións. Hillary Clinton venceu nas eleccións primarias do Partido Demócrata estadounidense nos Estados de Rhode Island, Texas e Ohio e acorta distancias con Barack Obama, que se impuxo en Vermont. A senadora por Nova York logrou até agora convencer os Estados máis grandes e populosos. Os analistas afirman que o candidato que se ha afrontar ao republicano John McCain non se coñecerá até o verán. ●

CRISE DIPLOMÁTICA NOS ANDES

Os EE UU utilizan Bogotá para desestabilizar Venezuela e Ecuador

Tres potencias enerxéticas rachan relacións cando o petróleo chega aos 100 dólares

César Lorenzo Gil

Cando o barril de petróleo costa nos mercados internacionais 100 dólares, o meirande exportador de cru de América, Venezuela, racha relacións diplomáticas co seu veciño do oeste, Colombia. A crise atinxe tamén outra potencia enerxética, Ecuador, que tamén limitou calquera contacto diplomático con Bogotá. A orixe do conflito é, supostamente, a negociación secreta que tanto as chancelarías de Caracas como de Quito manteñen coas FARC para lograr a liberación de varios reféns da guerrilla. Estes movementos irritan ao presidente colombiano, Álvaro Uribe, que sente que perde protagonismo social e internacional neste asunto, ao tempo que dubida das reais intencións dos dous gobernos veciños.

Para entender o contexto da crise hai que reparar no papel de Colombia nos últimos anos. Os EE UU teñen en Uribe o seu máis fervoroso aliado na rexión, unha vez que os poderosos Estados do Brasil, Chile ou Arxentina rénxense con gobernos máis independentes e Venezuela se converte nun inimigo *in pectore* desde a chegada ao poder de Hugo Chávez.

O goberno de George Bush investiu anualmente varios miles de millóns de dólares baixo as directrices do Plano Colombia (creado para combater o narcotráfico) e agora semella tempo de que Uribe lle devolva o favor. Os primeiros movementos de Rafael Correa como presidente do Ecuador foron renunciar ao Tratado de Libre Comercio con Washington e a rachar todos os contra-

tos de colaboración militar entre ambos os países. Tal conduta desagradou moito o Pentágono. A escalada militar dos últimos días desestabiliza un país que viviu recentemente un golpe de Estado.

“**Nin a Organización de Estados Americanos nin a UE poden permitir un chispazo bélico nunha rexión na que están sen resolver varios conflitos territoriais**”

TENSIÓN PERO NON GUERRA. Que os tanques venezolanos estean dispostos na fronteira con Colombia ou que cada día Uribe saque papeis de Raúl Reyes nos que relaciona as FARC ben con Correa ben con Chávez non suporá o estourido dunha guerra. Nin a Organización de Estados Americanos nin a UE poden permitir un chispazo bélico nunha rexión na que están sen resolver varios conflitos territoriais, existe unha gran desigualdade e están por explorar grandes bolsas de gas e cru.

No alto prezo das materias primas pódese buscar unha das explicacións do conflito. Os EE UU queren devolver a Venezuela ao rego das súas alianzas. Se a estratexia de Uribe triunfase, o réxime chavista sería considerado partidario da guerrilla colombiana e tería moi difícil o amparo das institucións internacionais. ●

Raúl Reyes

‘Os EE UU buscan afianzar a súa presenza en Colombia’

O líder guerrilleiro Raúl Reyes, morto a pasada semana polo exercito colombiano, fora entrevistado en 2001, para *A Nosa Terra*, polo cineasta **Alberte Pagán**. Reproducimos agora un extracto daquela conversa, mantida durante a visita dunha delegación dos Comités de Solidariedade con América Latina (COSAL) de Galiza a Los Pozos, Caquetá, en Colombia.

Que é o Plano Colombia? ¿Cal é a postura das FARC ante el?

Colombia é un país inmensamente rico, con moitísimos recursos. Mais vive nunha desigualdade social demasiado grande, produto do mal reparto que se fixo da riqueza; é dicir, non houbo reparto, senón unha apropiación da riqueza do país. Os EE UU tiveron presenza en Colombia desde moitos anos atrás, e cada vez buscan afianzar moito máis esa presenza. O Plano Colombia non é máis que un plano de expansión dos intereses estadounidenses non xa só en Colombia, senón en toda a zona andina, e mesmo noutras partes de Suramérica, como en toda a rexión amazónica, con toda a súa riqueza. O pretexto para o deseño desta guerra é a loita contra o narcotráfico.

¿Cal é entón a proposta da FARC para combater o narcotráfico?

Nós fixemos a proposta para que a substitución de cultivos sexa manual, arrincando as plantas, mais ofrecéndolle á xente do campo outras maneiras de subsistir. Colombia é un país subdesenvolvido, con formas de economía aínda feudais, que non se pode compa-



rar con ningún país do primeiro mundo. A imposición dun modelo coma este trae como consecuencia máis desigualdades, máis pobreza. Dos 40 millóns de habitantes que ten Colombia só o 5% é o dono das grandes riquezas do país. Os campesiños non son narcotraficantes senón simplemente traballadores da terra, que sofren nas súas costas o sol e a agua ao longo de 12 ou 15 horas ao día, e o gaño que obteñen da produción de folla de coca ou adurmideira é mínimo.

Acusan ás FARC de vivir do narcotráfico. ¿Até que punto se pode falar dunha ‘narcoguerrilla’?

O termo de ‘narcoguerrilla’ introduciuno en Colombia un embaixador estadounidense que, con posterioridade, foi enviado a Costa Rica. Alí atopárono cunha avioneta chea de cocaína. Mais o termo e o concepto foi manexado moi habilmente pola clase política colombiana e polo Pentágono, a CIA e a DEA, co que buscan,

ante todo, desprestixiar a guerrilla, dicir que perdeu a sensibilidade e os ideais de cambio, de loita social, e que se converteu nunha guerrilla que só que re gañar diñeiro e vivir da guerra. O conflito non é só confrontación, cruces de tiros, mortos, bombardeamentos, senón que tamén está a outra parte, que quizá sexa máis perigosa, que é a guerra das comunicacións, a parte ideolóxica, a propaganda, a difamación. É unha campaña que levan facendo contra nós desde hai moitos anos, e que seguirán facendo. Nós temos dito publicamente que cobramos impostos. Non só aos que trafican, senón a toda persoa que teña máis de un millón de dólares. O quen non facemos é andar a preguntar, porque sería practicamente imposible, “A ver, señor, vostede ten máis de un millón de dólares; se ten que ver co diñeiro do narcotráfico, entón non o recibimos”. Morreríamos de fame. ●